



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A EMPRESA ISIDRO DE LA CAL-FRESCO, SL PARA O INTERCAMBIO DE PEIXES (OLLOMOL) POLO SEU VALOR EN PENSOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que a Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Empresa Isidro de la Cal-Fresco, SL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer acordos puntuais de intercambio entre o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) que depende da Consellería do Mar e a Empresa Isidro de la Cal-Fresco, SL, polos que o primeiro ceden peixes (ollomol) producidos na súa gaiola didáctica a cambio de que a empresa costea o seu consumo de penso equivalente ao valor económico do peixe cedido.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O IGafa dependente da Consellería do Mar extraerá os peixes (ollomol) da súa gaiola didáctica e os transportará en contenedores con xeo ata o peirao da Illa de Arousa mediante a súa embarcación.

A Empresa Isidro de la Cal-Fresco, SL, pola súa parte, recollerá os peixes no peirao e os transportará por terra. Como resultado desta cesión subministrará penso ao IGafa ata compensar o equivalente do valor económico cedido.

A consecución deste convenio non supón ningún custo para a Consellería do Mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por





Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de xaneiro de 2017

(asinado dixitalmente)

